

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 20 DE SETEMBRO DE 2010.**

**ASISTENTES:**

**ALCALDE-PRESIDENTE:**

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

**CONCELLEIROS:**

D. José M. Balseiro Canoura

D. José Manuel González Álvarez

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Dolores Meitín Guerreiro

D. Modesto Ben Fernández

D. Xesús Xosé Fernández Bouza

D. Secundino Vázquez Fra

D. Javier Fernández Basanta

D. Jesús Casabella Lage

D<sup>a</sup>. Ana María Abad López

D. Jaime Pernas Rodríguez

**INTERVENTORA:**

D<sup>a</sup> Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezanove horas do día vinte de setembro de dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

**1º) APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 19 DE XULLO DE 2010.**

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntouse ós asistentes se tiñan algunha obxección que formular ó borrador da acta plenaria de data 19 de xullo de 2010.

Non habendo obxeccións, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aproba-lo borrador da acta da sesión plenaria de data 19 de xullo de 2010.

**2º) PROPOSTA DE ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓNS DERIVADAS DE INFORMES SECTORIAIS A INTRODUCIR NO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE XOVE APROBADO PROVISIONALMENTE EN SESIÓN PLENARIA DE DATA 15 DE MARZO DE 2010. APROBACIÓN SE PROCEDE. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Por secretaría dáse conta á Corporación da proposta do epígrafe que a seguir se transcribe integramente:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**D. JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA.** Alcalde Presidente do Concello de Xove,

VISTO que con data 15 de marzo de 2010 o Concello Pleno aprobou provisionalmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Xove ( PXOM )

VISTO que remitido con data 5 de abril de 2010 o citado PXOM e o expediente administrativo tramitado , á Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestructuras ós efectos da súa aprobación definitiva.

VISTO que con data 27 de abril de 2010 pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da citada Consellería emitese informe verbo da documentación remitida, no que se pon de manifesto unha serie de deficiencias que deben ser corrixidas e incorporadas ao expediente antes do seu reenvío interesando a aprobación definitiva do PXOM.

As deficiencias detectadas pola Secretaría Xeral, tal é como se reflicte no Informe emitido polo Secretario Municipal, agrúpanse en tres apartados e todas e cada unha delas ten sido subsanada.

Expresamente no informe de referencia sinalase:

**“ 1º.- FALLA DE DOCUMENTACIÓN.**

**1º.1.- Deberá incorporarse ó expediente como parte integrante do mesmo, o PXOM sometido a aprobación inicial**

*Por Secretaría xa se ten incorporado ó expediente un exemplar completo e debidamente dilixenciado do PXOM aprobado inicialmente polo pleno corporativo na sesión de data 9 de xuño de 2008.*

**1º.2.- Deberán incorporarse ó expediente como parte integrante do mesmo as alegacións presentadas.**

*Por Secretaría xa se ten incorporado ó expediente todas e cada unha das 373 alegacións presentadas durante o trámite de información pública.*

**1º.3.- Deberá incorporarse o expediente como parte integrante do mesmo o Documento de Inicio como parte da tramitación medioambiental.**

*Por Secretaría xa se ten incorporado ó expediente un exemplar completo e debidamente dilixenciado do Documento de Inicio previsto na Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre a avaliación dos efectos de determinados planes e programas no medio ambiente.*

**2ª.- DEFICIENCIAS EN INFORMES SECTORIAIS.**

**2º.1.- Deberá incorporarse Informe do Ministerio de Fomento, en materia de estradas estatais, o que fai referencia o art. 21.1. do Real Decreto 1812/1994, do 2 de setembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas.**

*Por Secretaría tense incorporado ó expediente certificación acreditativa de que polo término municipal de Xove non discorre ningún vial de titularidade estatal considerándose en consecuencia non necesaria a constancia no expediente do Informe referenciado.*

**2º.2.- Deberá incorporarse Informe en materia de costas previo á aprobación definitiva, ó que fai referencia o art. 117.2 da Lei 22/1988, do 22 de xullo, de costas, que deberá emitir o Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Marino así como os Informes da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas en materia de ordenación do litoral.**

*Por Secretaría tense incorporado ó expediente o Informe favorable emitido con data 30 de abril de 2010 polo Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Marino ós efectos do disposto no art. 117.2 da Lei 22/1988, do 22 de xullo, de costas; así como certificación expedida por Secretaría*

*acreditativa de ter solicitado á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras os correspondentes Informes en materia de ordenación do litoral sen que no prazo establecido ditos informes fosen emitidos.*

**2º.3.- Deberá incorporarse Informe da Consellería competente en materia de Montes ó que fai referencia o art. 39 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.**

*Por Secretaría tense incorporado ó expediente o Informe favorable emitido con data 21 de xullo de 2010 pola Dirección Xeral de Montes.*

**2º.4.- Deberá incorporarse Informe da Consellería competente en materia de conservación da natureza ó que fai referencia o art. 3.1 do Decreto 82/1989, do 11 de maio.**

*Por Secretaría tense incorporado ó expediente certificación expedida por Secretaría acreditativa de ter solicitado o correspondente informe á Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente sen que no prazo establecido dito informe fose remitido.*

**2º.5.- Deberá incorporarse Informe do Ministerio de Defensa, o que fai referencia a Disposición Adicional Segunda do Real Decreto Lexislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo.**

*Por Secretaría tense incorporado ó expediente certificación acreditativa de que o PXOM non afecta, nin incide sobre terrenos, edificacións e/ou instalacións, incluídas as súas zonas de protección, afectos á Defensa Nacional considerándose en consecuencia non necesaria a constancia no expediente do Informe referenciado.*

**2º.6.- Deberá cumplimentarse o ordenado pola Dirección Xeral de Obras Públicas en informe de data 15 de febreiro de 2008 e en consecuencia remitir a esa Dirección Xeral os planos dos núcleos rurais que inclúen as modificacións que se indican no referido informe**

*Por Secretaría tense incorporado ó expediente o Informe favorable emitido con data 25 de maio de 2010 pola Dirección Xeral de Infraestructuras unha vez que o Concello remitiu a documentación interesada no Informe de data 15 de febreiro de 2008 anteriormente referenciado.*

### **3º.- DEFICIENCIAS EN DOCUMENTACIÓN TÉCNICA.**

**3º.1.- Falla a folla nº 03 do Plano V.8.02 ( Vilariño – Parroquia de San Isidoro de Monte ).**

*Por Secretaría tense incorporado ó expediente debidamente dilixenciada a folla nº 03 do Plano V.8.02 ( Vilariño – Parroquia de San Isidoro de Monte ).*

**3º.1.- De conformidade co art. 39 do regulamento de Planeamento Urbanístico, os planos de ordenación dos solos urbanos deberán presentarse a escala 1:2.000, agás que dito PXOM non sinale para esas áreas aliñacións e rasantes.**

*Por Secretaría tense incorporado ó expediente a planimetría anteriormente referenciada.*

VISTO que como consecuencia do ordeado nos seus respectivos Informes polos seguintes organismos.

**Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Marino.  
Dirección Xeral de Montes.  
Instituto Galego de Vivenda e Solo**

, compre realizar unha serie de modificacións no PXOM aprobado provisionalmente con ata 15 de marzo de 2010 y que a seguir se relacionan:

**1.- Modificacións derivadas do Informe emitido polo Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Marino.**

- *Introdúcese nos Planos de Ordenación a definición da liña de ribeira naqueles tramos non coincidentes co deslinde.*
- *Se corríxen as Normas de Protección do borde litoral recollendo na súa integridade as disposicións de aplicación contidas na Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas e no seu Regulamento*

**2- Modificacións derivadas do Informe emitido pola Dirección Xeral de Montes.**

- *Modifícanse diversas proteccións de solo rústico ( básicamente solos de protección forestal ) por considerarse que ditas zonas pola súa configuración e ubicación teñen unha aptitude claramente agraria.*

**3.- Modificacións derivadas do Informe emitido polo Instituto Galego de Vivenda e Solo.**

- *Suprímese a parte de solo urbanizable industrial situado na marxe norte da vía de ferrocarril, na ampliación do actual polígono de Xove.*

VISTO que polos técnicos da empresa adxudicataria da elaboración do PXOM tense presentado a documentación na que se reflicte a incorporación das modificacións referenciadas.

VISTO que polo Secretario Municipal consideranse corrixidas e/ou subsanadas as carencias e/ou deficiencias sinaladas no Informe que con data 27 de abril de 2010 foi emitido pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

VISTO que polo Secretario Municipal considerase que os Informes sectoriais emitidos polo Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Marino; Dirección Xeral de Montes e Instituto Galego de Vivenda e Solo provocan a introdución dunha serie de modificacións, relacionadas anteriormente, do PXOM aprobado provisionalmente con data 15 de marzo de 2010 sendo

absolutamente necesario que ditas modificacións sexan sometidas ó coñecemento e , se é o caso, aprobación do pleno corporativo.

VISTO que polo Secretario Municipal considerase igualmente que as modificacións anteriormente relacionadas non significan un cambio sustancial do PXOM inicialmente e provisionalmente aprobado xa que non suponen a adopción de novos criterios respecto á clasificación e calificación do solo ou en relación coa estrutura xeral e organica do territorio, razón pola cal non se considera necesario abrir un novo trámite de información pública.

**Polo exposto propono ó Pleno Corporativo a adopción de acordo polo que se aproben as modificacións do PXOM anteriormente referenciadas, se incorpore a documentación e informes referenciados, remitindo a seguir dito documento co expediente completo debidamente dilixenciado á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia para a súa aprobación definitiva.”**

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde explícase brevemente o contido das modificacións a introducir no PXOM, conforme á o sinalado nos informes sectoriais citados, salientando que, tal e como se ten informado polo Secretario Municipal, ditas modificacións, pola súa escasa entidade non obrigan á apertura dun novo trámite de información pública.

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase a conformidade do seu grupo coas modificacións a introducir no PXOM.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que o informe emitido pola Dirección Xeral de Montes ven a dar a razón ó manifestado polo BNG no mes de marzo, cando consideraba un auténtico disparate a enorme superficie que o PXOM calificaba como solo rústico de protección forestal.

Rematado o debate, a corporación, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, que representan a totalidade do seu número legal de membros, acorda aproba-la proposta de Alcaldía anteriormente transcrita na súa integridade.

### **3º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE SELECCIÓN DE XUIZ DE PAZ TITULAR DO CONCELLO DE XOVE. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Por Secretaría dáse conta á Corporación da proposta de Alcaldía do epigrafe que a seguir se transcribe íntegramente:

D. JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde Presidente do Concello de Xove,

VISTO o expediente incoado a instancia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para a provisión do cargo de Xuíz de Paz Titular do Concello de Xove, vacante como consecuencia da renuncia da anterior titular.

VISTO que somentes se presentou unha única solicitude por D. CESAREO RAMOS DÍAZ tal e como se acredita coa certificación expedida ao efectos polo Secretario Municipal obrante no expediente.

CONSIDERANDO que da documentación presentada polo solicitante queda acreditado que Dito candidato reúne as condicións previstas no. Art. 23 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, de Xuíces de Paz e nos arts. 102, 302 e 389 a 395 da Lei Orgánica de 1 de xullo de 1982, do Poder Xudicial.

Pola presente propono ó Concello Pleno seleccionar para desempeña-lo cargo de Xuíz de Paz Titular do Concello de Xove a D. Cesareo Ramos Díaz, titular do D.N.I. 33995461-N con domicilio na Urbanización Palmeiro 59 – 5B, CP 27879 Xove, maior de idade, coa titulación académica de

Técnico Especialista e na actualidade xubilado por incapacidade laboral ( Pseudo artrosis múltiple do escafoides da man dereita).

Rematado o debate, a Corporación, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, que representan a totalidade do seu número legal de membros, acorda aproba-la proposta de Alcaldía anteriormente transcrita na súa integridade, e na súa consecuencia, seleccionar para desempeña-lo cargo de Xuíz de Paz Titular do Concello de Xove, a D. Cesáreo Ramos Díaz, Titular do DNI: 33.995.461-N, que acredita a titulación de Técnico Especialista, e que na actualidade atópase xubilado por incapacidade laboral ( Pseudo artrosis múltiple do escafoides da man dereita); e remitir copia completa do expediente tramitado á Secretaría de Goberno do Tribunal de Xustiza de Galicia.

#### **4º) PROPOSTA DE ALCALDÍA SOBRE DETERMINACIÓN DE FESTAS LOCAIS PARA O AÑO 2011. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Por Secretaría dáse conta á Corporación do escrito remitido pola Consellería de Traballo e Benestar no que se interesa a determinación e posterior determinación por parte do Concello dos 2 días que se fixen como festas locais en todo o termo municipal de Xove, os efectos da confección do Calendario laboral para o ano 2011.

Enterada, a Corporación, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda:

1º) fixar como festas locais en todo o termo municipal de Xove, no ano 2011 as seguintes datas:

- 8 de marzo de 2011 (Martes de Antroido)
- 22 de agosto de 2011 (Festa Patronal de Xove)

2º) A remisión do presente acordo ó Departamento Territorial en Lugo da Consellería de Traballo e Benestar.

#### **5º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO B.N.G. INTERESANDO APOIO A FOLGA XERAL DO VINDEIRO 29 DE SETEMBRO DE 2010. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Coa autorización da Presidencia, polo Sr. Fernández Bouza dáse lectura íntegra á moción do epígrafe que a seguir se transcribe:

“Xesús Xosé Fdez. Bouza, portavoz do Grupo político do BNG de Xove, presenta a seguinte moción para o próximo pleno.

#### **MOCIÓN DE APOIO Á FOLGA XERAL DO 29 DE SETEMBRO**

A crise económica ten a súa orixe na aplicación de doutrinas políticas que construíron unha economía dominada polo capital financeiro e cada vez máis desconectada da economía produtiva e das necesidades reais dos pobos e as persoas. Así, quedaron demostrados os efectos perniciosos duns mercados financeiros desregulados, e a ineficacia dun modelo produtivo baseado no sector da construción e na actividade inmobiliaria.

A análise que propiciou as medidas que se recollen na reforma laboral parten dunha concepción errónea. Nela responsabilízase ao mercado de traballo do alto nivel e forte crecemento do desemprego. Non obstante, a dinámica de creación e destrución do emprego depende doutros factores, ligados principalmente ao dinamismo económico. Así, organizacións como a OCDE, que inicialmente defenderon a argumentación de que canta maior protección laboral, maior desemprego, no ano 2006 corrixiu as súas teses. Efectivamente, as causas do gran incremento do desemprego en Galiza radican no esgotamento dun modelo produtivo que tivo os seus principais eixos na baixa produtividade e na especialización en actividades de escaso valor engadido, cuxo exemplo máis claro é a creación dunha burbulla ao redor da actividade construtiva e inmobiliaria, cuxo estalido acentuou a intensidade do desemprego. A isto, únense outros factores, como a falta de competencias e existencia de vetos a Galiza para poder desenvolver completamente os seus sectores produtivos,



como ocorre no sector naval ou o leiteiro, ou as limitacións no acceso ao crédito por parte de PEMES e autónomos.

Estas son razóns polas que a reforma laboral do goberno do PSOE non resolverá os problemas estruturais da economía galega, posto que non contempla medidas eficaces que permitan loitar contra o alto desemprego existente. A reforma laboral non vai crear emprego porque a causa da crise non radica no mercado de traballo nin na súa suposta rixidez. Constátase que o gran aumento do desemprego en épocas de crises afecta especialmente ao Estado Español, con caídas do PIB equivalentes á media da Unión Europea, destrúese máis do dobre de emprego que na eurozona. E, no caso galego, entre 2007 e 2010 dobrouse o paro, xa que se pasou de 96.700 persoas a máis de 211.000. De feito, despois de aprobada a reforma laboral, comprobamos como en Galiza o paro rexistrado creceu durante o mes de agosto en 1743 persoas, o que significa un incremento do 0,8% con respecto ao mes anterior. Este dato amosa até que punto é falso que a reforma laboral sirva para crear emprego.

Pola contra, a actual reforma, que aumenta a flexibilidade no despedimento e na aplicación do salario pactado, atrasará a saída da crise e fará recaer sobre a clase traballadora as súas consecuencias máis dramáticas, supoñendo un recorte nos dereitos dos traballadores e traballadoras. Un dos aspectos máis desacertados da reforma é o feito de abaratar e facilitar o despedimento. E con respecto ao pago polo FOGASA dunha parte da indemnización polo despedimento, esta supón un abaratamento do custo do despedimento por parte do empresariado, xa que só asumiría parte da indemnización, polo que, a efectos prácticos, o empresario terá maiores incentivos para o despedimento de traballadores. Tamén é especialmente grave a maior apertura á iniciativa privada da intermediación laboral. É necesario mellorar a intermediación laboral e reforzar os servizos públicos de emprego.

Ante esta reforma laboral é necesaria unha forte contestación social e política, como a convocatoria de folga xeral o vindeiro 29 de setembro, que desde o Bloque Nacionalista Galego apoiamos para que se muden as políticas económicas contrarias aos intereses de traballadores e traballadoras e da sociedade en xeral, ao tempo de defender un modelo económico que garanta prioritariamente o benestar das persoas a través da súa estabilidade nos empregos e o acceso a servizos públicos de calidade.

Polo o exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO: Apoiar a convocatoria e a mobilización da Folga Xeral do vindeiro 29 de setembro.”

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde manifestase que o seu grupo, dende o máximo respecto ó exercicio do dereito de folga por parte dos traballadores, e deixando claro que a reforma laboral presentada polo Goberno central é un auténtico disparate; no vai apoiar-la convocatoria de folga xeral para o vindeiro día 29, por considerar que a estas alturas, unha folga xeral non só non solucionaría absolutamente nada, senón que agravaría se cadra a crise económica que estamos a padecer.

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que o seu grupo subscribe o manifestado polo Sr. Alcalde, engadindo que o dereito de folga é un dereito que ten que ser exercitado libremente por todos e cada un dos traballadores.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que é evidente que tanto o Partido Popular como os concelleiros de AVEXO descoñecen absolutamente cal é o fundamento do dereito de folga, sinalando que unha vez rotas a vía da negociación pola intransixencia do goberno e da patronal, é o unido medio legal que o ordenamento xurídico concede ós traballadores na defensa dos seus intereses e dereitos.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase que a súa intención de votar a favor da aprobación da moción.

Rematado o debate, a Corporación co voto a favor dos Sres. Fernández Bouza e Ben Fernández e o voto en contra dos Sres. Salgueiro Rapa, Balseiro Canoura, González Alvarez, Abad López, Meitin Guerreiro, Vazquez Fra, Fernandez Basanta, Casabella Lage, e Pernas Rodríguez, acorda rexeita-la aprobación da moción do epígrafe anteriormente transcrita.

### **6º) ROGOS E PREGUNTAS.**

Por Secretaría dáse conta á corporación do escrito de rogos e preguntas presentado polo Grupo Municipal do BNG e da contestación ó mesmo formulado por escrito o Sr. Alcalde Presidente, que a seguir se transcriben:

Xesús Xosé Fernández Bouza, Portavoz do Grupo Municipal do B.N.G. de Xove presenta os seguintes Rogos e Preguntas para o próximo Pleno Ordinario do mes de Setembro.

#### **ROGOS:**

1.- Á vista dos traballos que están a facer no río Rigueira, nas inmediacións da ponte do Tarolo, con diversa maquinaria que sin ningún xeito remexe no cauce, cortan arbores e arbustos beneficiosos e cóidanse de non tocar un só eucalipto desfan e modifican o entorno natural causando danos á fauna e á paisaxe que leva tantos anos preservando esa beleza, e evidente que alguén está incumprindo coas súas responsabilidades e o Concello terá que responder na parte que lle toca, e polo que, pedimos:

Que paren as obras que están a causar os destrozos, que o Concello supervise os traballos canto antes e que se dien as instrucións precisas para que se respete o hábitat.

Resposta: *O río Rigueira desbordouse dúas veces nos últimos dous anos provocando - ademais de perdas millonarias como consecuencia dos danos sufridos na “ Ruta dos muiños “ e outras infraestruturas públicas - graves inundacións en fincas e propiedades de veciños da zona.*

*Os desbordamentos citados é certo que foron provocados polas fortes e inusuais choivas habidas, pero non é menos certo que os danos agraváronse pola falla absoluta de limpeza dos cauces xa que ata agora Augas de Galicia como órgano competente na zona de protección de cauces venía denegando sistemáticamente calquera clase de actuación de limpeza en dita zona.*

*Tra-las últimas inundacións, a principios deste ano, a maioría dos Alcaldes da Mariña solicitaron a Augas de Galicia un plan urxente de limpeza de cauces nas zonas da súa competencia para prevenir ou polo menos minora-los danos que ano tras ano están a provocar os desbordamentos.*

*Neste intre, por parte de Augas de Galicia estanse a executa-las obras de limpeza das marxes do río Rigueira baixo a estricta vixilancia e control dos seus técnicos.*

#### **PREGUNTAS:**

1.- A depuradora de Regosanguento sigue sin traballar, leva rematada máis de un ano pero non funciona, a vella de Palmeiro non ten capacidade para tratar os vertidos polo aumento de acometidas que se levaron a cabo, non se pode esperar máis para tratar os vertidos, son un atentado ó río Rigueira.

E polo que preguntamos:

a) Cales son as causas do mal funcionamento e que esta a facer o goberno local despois de tanto tempo?

b) Para cando a normalidade e posta en funcionamento da depuradora?

Resposta: *A nova EDAR de Regosanguento leva funcionando con toda normalidade desde hai polo menos tres meses xa que a instalación púxose en marcha no mes de maio.*



*Os controis e análises de mostras efectuados o último mes demostran o correcto funcionamento da EDAR de Regosanguento.*

*Non obstante durante o primeiro ano de funcionamento, ata a recepción definitiva da instalación, os técnicos consideran convinte manter operativa a antiga EDAR de Palmeiro como apoio da nova naqueles casos nos que sexa preciso efectua-las modificacións ou reparacións que durante dito prazo de garantía sexan ordenadas por Augas de Galicia como administración contratante.*

E sen mais asuntos que tratar, sendo as vinte horas e cinco minutos, levántase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fé.

**O ALCALDE,**

**O SECRETARIO,**

Asdo.: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo

